

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA AUGAS DE GALICIA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO PARQUE EÓLICO MEIRAMA (IN408A 2018/27)

UBICACIÓN: CONCELLOS DE CERCEDA , CARRAL E ORDES (A CORUÑA)

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: NATURGY RENOVABLES, SLU

OBXECTO

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 16 de xullo de 2021, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Meirama, de maio de 2021, e sobre a Separata de Augas de Galicia do Proxecto de Execución do Parque Eólico Meirama, nos concellos de Cerceda e Carral (Coruña), de maio de 2021, en cumprimento do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, do artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e dos artigos 127 e 131 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

ANTECEDENTES

Con data 21 de xuño de 2018, Gas Natural Fenosa Renovables, SLU (agora denominada Naturgy Renovables, SLU), presentou solicitude de autorización administrativa para o proxecto denominado Parque eólico Meirama, designado con número de expediente IN408A 2018/27. A súa implantación estaba formada por 15 aeroxeradores e potencia de 49,5 MW.

Con data 3 de novembro de 2019, o promotor presenta unha nova solicitude correspondente a unha modificación substancial do parque eólico, adecuando toda a documentación finalmente a 13 aeroxeradores e mantendo a potencia instalada inicialmente.

O 21 de marzo de 2020 o promotor recibe traslado do informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático coa relación das persoas e organismos que han de emitir informe do Estudo de Impacto Ambiental presentado.

O 18 de xuño de 2020 o promotor recibe traslado de requirimento emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a análise do Proxecto Sectorial presentado. No escrito requírese o cambio de localización do aeroxerador 10 por estar situado dentro da área do Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia



(PSOAE), identificada como Parque Empresarial As Encrobas, todo iso ao obxecto de cumprir coa necesaria compatibilidade de instrumentos de ordenación do territorio.

De acordo co indicado no informe anterior, o 24 de xullo de 2020 Naturgy entrega nova documentación correspondente á modificación substancial orixinada pola nova localización do aeroxerador número 10. A potencia total da instalación, coa aceptación desa modificación do proxecto, foi de 49,4 MW, considerando unha potencia unitaria para cada aeroxerador de 3,8 MW.

A subestación do parque eólico Meirama está moi próxima á subestación de Rede Eléctrica de España, denominada Meirama 220 kV, onde un gran continxente de instalacións de xeración renovable ten ou terá concedido acceso para a evacuación da enerxía xerada polos seus parques eólicos. Por esta razón, diversos promotores manifestaron o seu interese por compartir esta parte da instalación e así poder conectar as distintas entradas das súas instalacións, sendo esta a razón fundamental pola que se realiza a modificación do proxecto do parque eólico Meirama. Ademais do anterior, adecúase a documentación considerando a potencia total real do parque eólico Meirama de 49,5 MW.

Á vista do anterior, a documentación elaborada pretende adecuar a parte da subestación, dentro do proxecto do parque eólico Meirama, para que permita planificar tecnicamente a conexión daquelas instalacións interesadas en compartir esta infraestrutura de evacuación no nó de Meirama 220 kV da Rede de Transporte.

O 27 de xullo de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no DOG N° 142 o Acordo do 15 de xullo de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do proxecto do Parque Eólico Meirama, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes A Coruña) (expediente IN408A 2018/27).

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, con datas 26 de agosto e 7 de setembro de 2021, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Norte de Augas de Galicia en A Coruña, realiza sendas visitas de campo e emite os correspondentes informes de afeccións do Proxecto do Parque Eólico Meirama (Cerceda, Carral e Ordes) ao Dominio Público Hidráulico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.



- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e régulanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe tituláse **"Estudio de Impacto Ambiental. Parque Eólico Meirama"**, de 20 de maio de 2021, redactado por un equipo multidisciplinar e asinado por D. Óscar Varela López, Enxeñeiro Industrial e por D. Luis Garcerán Matey, Licenciado en C.C. Biolóxicas, que inclúe unha memoria con anexos e planos e **"Proyecto de ejecución. Separata de Augas de Galicia. Parque eólico Meirama"**, de maio de 2021, asinado por D. Jorge Núñez Ares, Enxeñeiro Industrial, colexiado nº 1.102 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, e visado o 26 de maio de 2021, polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia. A documentación inclúe unha memoria e planos. Todo elo en formato dixital (pdf).

A continuación descríbense as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.

O Parque Eólico de Meirama sitúase nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes, na provincia de A Coruña. O parque, de 49.5 MW de potencia total instalada, estará integrado por 13 aeroxeradores tripala cunha altura de buxeiro de 131 metros e potencia unitaria de 3.808 kW.

Na seguinte táboa amósanse as coordenadas da poligonal do parque en coordenadas UTM ETRS89 fuso 29N:

VÉRTICE	X	Y
A	545.440,00	4.782.930,00
B	548.600,00	4.780.865,00
C	547.980,00	4.778.730,00
D	546.579,00	4.778.017,00
E	543.748,00	4.778.428,00



VÉRTICE	X	Y
F	544.651,00	4.781.479,00

Os aeroxeradores conectaranse entre si a través dos correspondentes condutores enterrados e cabinas de entrada - saída de liña, de forma que se constituirán 4 liñas de xeración en 30 kV, as cales se tenderán enterradas en gabia ata a subestación do parque eólico 30/220 kV.

A situación dos aeroxeradores en coordenadas UTM ETRS89 fuso 29N é a seguinte:

AEROXERADOR	X	Y	CONCELLO
ME-01	546.100,73	4.779.603,04	Cerceda
ME-02	546.701,10	4.779.377,03	Cerceda
ME-03	547.124,47	4.779.186,71	Cerceda
ME-04	547.527,50	4.779.058,50	Cerceda
ME-05	546.094,24	4.779.178,32	Cerceda
ME-06	546.321,07	4.778.797,32	Cerceda
ME-07	546.660,97	4.778.548,87	Cerceda
ME-08	547.285,16	4.778.687,53	Cerceda
ME-09	544.984,00	4.779.501,00	Cerceda
ME-10	545.591,00	4.782.364,00	Cerceda
ME-11	545.306,00	4.781.294,00	Cerceda
ME-12	546.236,00	4.781.861,00	Cerceda
ME-13	548.000,00	4.780.670,65	Cerceda

No parque eólico proxéctase así mesmo a instalación dunha torre meteorolóxica de 131 m de altura. A súa localización dentro do parque vén dada polas seguintes coordenadas UTM ETRS89 fuso 29N:

X	Y	CONCELLO
545.224,00	4.779.178,00	Cerceda

Construirase unha subestación no parque para elevar a tensión da rede de distribución interior do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto (220 kV).

As coordenadas UTM ETRS89 fuso 29N da subestación do parque son as seguintes:

COORDENADAS	UTM X	UTM Y	HUSO
Vértice 1 plataforma SET	547.983	4.779.708	29



COORDENADAS	UTM X	UTM Y	HUSO
Vértice 2 plataforma SET	548.082	4.779.714	29
Vértice 3 plataforma SET	548.095	4.779.475	29
Vértice 4 plataforma SET	547.996	4.779.470	29
SET PE Meirama	548.035	4.779.675	29

A obra civil que se proxecta , comprende as seguintes infraestruturas:

- Accesos e viarios interiores.

Os accesos principais ao parque realizaranse a partir da infraestrutura viaria existente. A documentación indica que as estradas que circundan o parque corresponden á estrada AC-523 que discorre de sur a norte, desde a N-550, cruzando, na mesma dirección, o parque eólico e que da acceso aos aeroxeradores situados na zona de vertedoiro. O resto de vías de comunicación corresponde aos viarios que conectan os núcleos de poboación diseminados pola contorna, de tipo asfaltado. Dentro da zona de estudo aparece tamén un importante número de camiños de terra que permiten o acceso ás fincas existentes.

Os camiños internos aos aeroxeradores, os viarios de comunicación entre os aeroxeradores, o viario de acceso á torre meteorolóxica e o acceso ao edificio de control adáptanse o máximo á topografía co obxecto de minimizar o movemento de terras. O deseño realizouse procurando que os viarios discorran en desmante aberto na ladeira, evitando trincheiras.

Estímase unha lonxitude total de 11.334 metros de viarios (desagregados en 6.041m de viarios novos e 5.292 m de viarios a acondicionar).

Definiuse o trazado respectando as características xeométricas necesarias para a circulación dos transportes. Os parámetros de deseño máis significativos en planta e alzado foron os seguintes:

- Radio mínimo de curvatura: 55,0 m
- Pendente máxima en formigón: 14,0 %
- Pendente máxima en terra: 9,0 %

Adicionalmente, considerouse tamén a reposición de 586 m de camiños existentes, que debido á execución dos viarios do parque veranse interrompidos polos noiros dos mesmos, con obxecto de darlles continuidade aos mesmos.

- Plataformas de montaxe.

Na base de cada un dos aeroxeradores, acondicionarase unha zona para facilitar as labores de montaxe da torre, instalación dos guindastres para izado da torre, góndola e pas do aeroxerador, así como a provisión temporal dos diferentes compoñentes do aeroxerador. Unha vez finalizadas as obras procederanse á súa restauración ambiental mediante revexetación, mediante a extensión de terra vexetal e sementa correspondente, de acordo



coas indicacións do Estudo Ambiental. As dimensións aproximadas destas plataformas serán de 36x51 m2 e o acabado similar ao dos viarios.

- Zona de campamento de obra, provisións e punto limpo.

Entre os aeroxeradores ME-02 e ME-03 prevíuse o acondicionamento dunha superficie destinada a albergar o campamento de obra para as casetas de oficinas, vestiarios, servizos hixiénicos, contedores de ferramentas e utillaxes, descargas e provisión de pequeno material, etc. Esta zona presenta unha forma rectangular de 100x100 m2. O acabado superficial será similar ao dos viarios. Igualmente prevíuse unha zona onde se realizará a provisión temporal de terras.

Serve como zona de segregación, manexo e almacenamento de materiais.

Estableceranse dúas zonas de provisión: zonas de provisión e parque de maquinaria (10.000 m2) e zona temporal de provisións de terras (22.500 m2).

- Cimentación dos aeroxeradores.

A cimentación correspondente ao aeroxerador que se implanta no presente parque consistirá nunha zapata de planta circular. A parte inferior será un cilindro cunha base circular de 22 metros de diámetro e unha altura de 0,50 metros, a partir do cal se alzará un tronco de cono de base inferior igual á do prisma e unha altura de 2,30 m. A base superior deste tronco de cono será de 6,60 m de diámetro, a partir da cal se alzará un pedestal de 0,65 m de altura.

- Gabias para cables.

Instalaranse enterrados en gabias os cables de media tensión (30 kV), rede de terras e de comunicacións, os cales se tenderán entre cada aeroxerador e o edificio de control situado no recinto da subestación.

As gabias sitúanse sempre que é posible paralelas aos viarios, e en todo caso evítanse pendentes superiores ao 20%. Resultan 16.998 metros de gabia, dos cales 16.403 metros aproximadamente correspóndense con gabias paralelas a viarios e os 595 metros restantes en cruzamento de calzadas ou ao longo de camiños existentes.

Defínense seccións de gabia diferentes para ambos casos. Para seccións baixo viarios en cruces de calzada ou ao longo de camiños prevese a colocación de tubo PEAD, con envolta de formigón HM-20 alcanzando 0,50 m de altura desde o fondo da gabia. A profundidade de gabia proxectada é de 1,10 m. Para seccións paralelas a viarios, o cableado colócase nun leito de area, cun espesor de recheo de area en todos os casos de 40 cm, sendo a profundidade prevista de gabia de 1,00 m.

Instalaranse fitos de sinalización cada 50 m seguindo o trazado.

- Subestación do parque eólico.



A subestación ocupará unha superficie de aproximadamente 99x71 m² na que se situará o parque de intemperie, o edificio de control, os viarios e zonas de acceso e estacionamento, así como espazo libre suficiente para posibilitar a ampliación da subestación.

Adxacente á SET, e na súa mesma plataforma, considérase unha superficie para futuras ampliacións doutros promotores que compartan a evacuación. Dita superficie presenta unhas dimensións de 168 x 99 m². Desta maneira, a superficie final da SET será 238 x 99 m².

O centro de control do parque e a parte cuberta da subestación situaranse nun mesmo edificio, convenientemente separados e con accesos independentes. O edificio, cunhas dimensións de 25,45x11,60 m² en planta e 3,50 m de altura útil, dispoñerá en dous módulos independentes. No primeiro módulo, elevado 0,65 m respecto á beirarrúa, situarase a sala de celas, a sala de control, a sala do grupo electrógeno, sala de trafo e o despacho de operadores. Os vestiarios, o aseo, o local de taller e almacén e local de aceites e residuos, situaranse noutro módulo adosado ao anterior, situado a nivel do chan.

Anexo ao edificio situarase o parque intemperie da subestación eléctrica.

O abastecemento de auga realizarase mediante un sistema de potabilización de auga, alimentado por un depósito de auga estanca de 3.250 litros, que se encherá periodicamente mediante camións cisterna.

O saneamento de augas residuais realizarase mediante a evacuación das mesmas a unha fosa séptica estanca de 10.000 litros instalada sobre unha soleira de formigón. Non se emitirá ningún tipo de vertedura, e o baleirado da fosa, realizarase de forma periódica mediante camión cisterna.

- Restauración de terreos e servizos

En último lugar procederase a unha coidadosa retirada de materiais e restos de obra, así como á restauración dos terreos afectados pola obra.

Segundo a Separata de Augas de Galicia presentada, as afeccións que xerará a instalación do parque eólico sobre os cursos fluviais existentes son as seguintes:

AFECCIÓNS	UTM X	UTM Y	DESCRIPCIÓN
AFECCION A01. CRUCE REGO INNOMINADO	547.319,14	4.778.685,58	O vial de acceso ao aeroxerador ME-08 realiza un cruzamento sobre o rego innominado, co vial de acceso e gabia. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 9,13 m. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 9,13 m.
AFECCION A02. CRUCE REGO INNOMINADO	546.954,19	4.778.551,88	O vial de acceso ao aeroxerador ME-08 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado, co vial de acceso e a gabia. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 7,32 m. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 7,32 m.
AFECCION A03. CRUCE REGO INNOMINADO	546.449,76	4.778.656,35	O vial de acceso ao aeroxerador ME-07 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado, co vial de acceso e a gabia. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 6,48 m. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 6,48 m.



AFECCIÓNS	UTM X	UTM Y	DESCRIPCIÓN
AFECCION A04. CRUCE REGO INNOMINADO	546.344,89	4.779.118,41	A gabia e vial de interconexión entre os aeroxeradores ME-05 e ME-02 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 7,23 m. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 7,23 m.
AFECCION A05. CRUCE REGO INNOMINADO	546.827,48	4.779.317,38	O vial de acceso ao aeroxerador ME-02 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado, co vial de acceso, plataformas de montaxe e a gabia. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 33,73 m. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 33,73 m. A lonxitude de canle afectada debida ás plataformas de montaxe será de 47,86 m.
AFECCION A06. CRUCE REGO INNOMINADO	546.622,38	4.779.210,43	O vial de acceso ao aeroxerador ME-02 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado, co vial de acceso e a gabia. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 6,52 m. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 6,52 m.
AFECCION A07. CRUCE REGO INNOMINADO	545.235,34	4.780.584,38	A gabia de interconexión entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 6,89 m.
AFECCION A08. CRUCE REGO INNOMINADO	545.258,47	4.779.224,64	O vial de acceso a Torre Meteorolóxica realiza un cruzamento sobre o rego Innominado, co vial de acceso. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 28,86 m.
AFECCION A09. CRUCE REGO DAS FONTIÑAS	544.735,74	4.780.045,56	A gabia de conexión entre vos aeroxeradores ME-09 e ME-11 realiza un cruzamento sobre o Rego das Fontiñas. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 3,00 m.
AFECCIÓN A10. CRUCE REGO DAS FONTIÑAS	545.034,04	4.780.275,92	A gabia de conexión entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11 realiza un cruzamento sobre o Rego das Fontiñas. A lonxitude de canle afectada debida a nova gabia será de 3,00 m.
AFECCION A11. CRUCE REGO INNOMINADO	545.236,99	4.781.118,06	O vial de acceso ao aeroxerador ME-11 realiza un cruzamento sobre o rego Innominado. A lonxitude de canle afectada debida ao novo vial será de 3,00 m.

Segundo o Estudio de Impacto Ambiental, a hidroloxía na zona do emprazamento do parque contaba cunha rede de escorrentías naturais que na actualidade atópase modificada polas actividades antrópicas que desde fai tempo viñéronse desenvolvendo na contorna. A presenza do vertedoiro da antiga mina de lignito (Limeisa) e cinzas da Central propiciou que as escorrentías naturais se modificaran coas drenaxes presentes na mesma. Os aeroxeradores ME-01 ao ME-08 sitúanse sobre o devandito vertedoiro. Polo tanto, a hidroloxía nesta área queda limitada a liñas de escorrentía, canalizacións e balsas de auga artificiais. O EIA indica que a plataforma do aeroxerador ME-11 sitúase a 100 m dun rego temporal sen denominación. O Estudio de Impacto Ambiental indica ademais que o río Barcés non será afectado polo proxecto, ao discorrer a gabia eléctrica que une as posicións 10 e 12 por un viario onde o tramo do río se atopa entubado.



INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede Fluvial

O Parque Eólico Meirama atópase situado nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes, na provincia de A Coruña. O parque eólico atópase dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación nos que se sitúa a dita infraestrutura son o 06 "Río Tambre e Ría de Muros e Noia", e 11 "Río Mero, Arteixo e Ría da Coruña".

Discorren próximas ás actuacións definidas na documentación achegada, os seguintes cauces fluviais codificados por Augas de Galicia: Río Barcés (122019) e Río Lengüelle (204038), e os seus afluentes. O encoro máis próximo á zona de implantación do parque é o encoro de Vilasenín ou San Cosmade, situado a uns 450 metros ao sur das actuacións.

Pódese consultar e contrastar estes extremos na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede fluvial de detalle actualizada 2019 da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, entre as principais afeccións destaca a execución de novos viarios e gabias de cableado entre aeroxeradores, que cruzan varios regos innominados tributarios do río do Portigo de Vilasenín (20403803). A plataforma de montaxe do aeroxerador ME-02 afecta ao Dominio Público Hidráulico e á zona de servidume dun destes regos, igual que a execución do viario de acceso á torre meteorolóxica e plataforma de montaxe da mesma. O Dominio Público Hidráulico e a zona de servidume destes regos tamén se ve afectada polo voo das pas do aeroxeradores ME-02 e ME-08. A plataforma de montaxe do aeroxerador ME-11 afecta á zona de servidume doutro rego innominado, tributario do Río Barcés (122019). Por outra banda, a execución da gabiá de cableado de conexión entre aeroxeradores, cruza a varios regos innominados tributarios do Rego de Porto Pereira (12201904).

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, con datas 26/08/2021 e 07/09/2021, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Norte de Augas de Galicia en A Coruña, realiza visitas de campo e emite os correspondentes informes acerca da actuación do Parque Eólico Meirama. Na primeira visita obsérvase que parte das instalacións proxectadas atópanse nunha zona de vertedoiro pechada perimetralmente, polo que os terreos deben ser privados. En dito vertedoiro existen canais drenantes e perimetrais, que recollen as augas e verten finalmente ao rego de Portigo de Vilasenín, afluente del río Lengüelle (conca do río Tambre). Na segunda visita accédese ao recinto pechado perimetralmente e mantense o informado na primeira visita de campo.

A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións do parque eólico proxectadas, detectadas segundo o visor indicado e a documentación



achegada, así como as consideracións realizadas nos informes das visitas de campo do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Norte de Augas de Galicia en A Coruña:

Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilasén (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de servidume, Zona de policía.	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (547.421,91; 4.778.726,42) – (547.221,30; 4.778.651,24) e Cruce (547.320,01; 4.778.688,24). Aeroxerador ME-08 (547.285,16; 4.778.687,53) e plataforma de montaxe en Zona de policía. Voo de pas do aeroxerador ME-08 en Zona de servidume entre o punto (547.265,92; 4.778.755,76) e o punto (547.346,93; 4.778.660,09).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce do curso fluvial pola execución de viario e gabia de cableado no acceso o aeroxerador ME-08. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento do curso fluvial de gabia e viario de acceso ao aeroxerador ME-08.	Execución de viario e gabia de cableado, no entorno do aeroxerador ME-08, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. Aeroxerador ME-08 e plataforma de montaxe en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-08 en zona de servidume.
2	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilasén (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (547.044,42; 4.778.584,98) – (546.854,27; 4.778.517,17) e Cruce (546.949,55; 4.778.549,46).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce do curso fluvial pola execución de viario e gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-07 e ME-08. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento de curso fluvial de gabia e viario de acceso ao aeroxerador ME-08.	Execución de viario e gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-07 e ME-08, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.





Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
3	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilasenin (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (546.561,37; 4.778.605,90) – (546.315,44; 4.778.780,39) e Cruce (546.444,36; 4.778.655,62). Aeroxerador ME-06 (546.321,07; 4.778.797,32) e plataforma de montaxe en Zona de policía. Voo de pas do aeroxerador ME-06 en Zona de policía entre o punto (546.297,46; 4.778.862,07) e o punto (546.327,32; 4.778.728,63).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce do curso fluvial pola execución de viario e gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-06 e ME-07. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento de curso fluvial de gabia e viario de acceso ao aeroxerador ME-07.	Execución de viario e gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-06 e ME-07, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. Aeroxerador ME-06 e plataforma de montaxe en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-06 en zona de policía.
4	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilasenin (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Zona de policía	Viario en Zona de policía (546.388,97; 4.778.680,21) – (546.300,39; 4.778.805,67). Aeroxerador ME-06 (546.321,07; 4.778.797,32) e plataforma de montaxe en Zona de policía. Voo de pas do aeroxerador ME-06 en Zona de policía entre o punto (546.359,27; 4.778.739,87) e o punto (546.266,50; 4.778.839,43).	Afección non descrita na documentación aportada.	Execución de viario, no entorno do aeroxerador ME-06, con obras en zona de policía. Aeroxerador ME-06 e plataforma de montaxe en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-06 en zona de policía.



Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
5	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilaseñín (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (546.238,98; 4.779.117,75) – (546.441,72; 4.779.134,35) e Cruce (546.341,30; 4.779.117,47)	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce do curso fluvial pola execución de viario e gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-05 e ME-02. Na separata de augas sinalan un cruzamento de curso fluvial da gabia e do viario de acceso entre os aeroxeradores ME-05 e ME-02.	Acondicionamento de viario e gabia de cableado, no entorno do aeroxerador ME- 05, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. No informe da visita de campo do 07/09/2021 indícase que se trata dunha zona cha, cunha gabia en terra e vexetación nas marxes, atopándose o cauce seco no momento da visita.
6	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilaseñín (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (546.534,18; 4.779.166,21) – (546.711,32; 4.779.258,96) e Cruce (546.623,98; 4.779.210,31) Voo de pas do aeroxerador ME-02 en Zona de policía entre o punto (546.632,47; 4.779.384,05) e o punto (546.685,93; 4.779.309,78).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce do curso fluvial pola execución de viario e gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-05 e ME-02. Na separata de Aguas de Galicia sinalan un cruzamento de curso fluvial de gabia e viario de acceso ao aeroxerador ME-02.	Acondicionamento de viario e gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME- 02 e ME-05, con obras en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-02 en zona de policía.





Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
7	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilasinín (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de servidume, Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (547.054,06; 4.779.226,10) – (546.738,63; 4.779.275,41) e Cruce (546.833,96; 4.779.314,98). Plataforma de montaxe do aeroxerador ME-02 en Zona de servidume entre o punto (546.751,83; 4.779.402,38) e o punto (546.758,18; 4.779.393,41), e entre o punto (546.812,17; 4.779.343,56) e o punto (546.849,60; 4.779.299,36). Aeroxerador ME-02 (546.701,10; 4.779.377,03) e plataforma de montaxe en Zona de policía. Voo de pas do aeroxerador ME-02 en Zona de servidume entre o punto (546.718,26; 4.779.443,78) e o punto (546.769,96; 4.779.379,81). Voo de pas do aeroxerador ME-02 en Zona de policía entre o punto (546.700,29; 4.779.308,07) e o punto (546.633,63; 4.779.391,31). Voo de pas do aeroxerador ME-03 en Zona de policía entre o punto (547.061,38; 4.779.214,52) e o punto (547.132,03; 4.779.118,16). Instalación de Zona de acopio en Zona de policía entre o punto (547.037,65; 4.779.249,41) e o punto (546.959,27; 4.779.331,22).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce de curso fluvial polo acondicionamento de viario e gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-05, ME-02 e ME-03. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento de gabia e viario de acceso e plataformas de montaxe do aeroxerador ME-02.	Acondicionamento de viario e gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-05, ME-02 e ME-06, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. Aeroxerador ME-02 e plataforma de montaxe, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-02 en zona de servidume e zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-03 en zona de policía. Instalación de zona de acopio en zona de policía.





Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
8	Rego innominado tributario do Río Barcés (122019)	Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (548.007,75; 4.780.528,94) – (548.013,63; 4.780.593,52). Voo de pas do aeroxerador ME-13 en Zona de Policía entre o punto (548.017,94; 4.780.604,12) e o punto (548.060,83; 4.780.703,21).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía do noiro da plataforma do aeroxerador ME-13, do viario e da gabia de cableado. Na Separata de Augas de Galicia non se sinala dita afección.	Execución e acondicionamento de viario e gabia de cableado, de acceso ao aeroxerador ME-13, con obras en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-13 en zona de policía.
9	Rego de Morzós, tributario do Río Barcés (122019) segundo a rede fluvial actualizada do 2019		Viario en Zona de policía (546.609,38; 4.781.891,12) – (546.721,69; 4.781.817,42) e Cruce (546.644,48; 4.781.839,66).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan un cruzamento do curso fluvial do viario que dá acceso ao aeroxerador ME-12. Na Separata de Augas de Galicia non se sinala dita afección.	Execución de viario no entorno do aeroxerador ME-12, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. O informe da visita de campo do 26/08/2021 indica: <i>"Cruce del arroyo Marzos, con vegetación de ribera y un tramo de unos 30 metros entubado con doble tubería de 500 mm de pvc. Utm (etrs 89) x.546644 y.4781839"</i>





Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
10	Río Barcés (122019) (Rego Barcés segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Cruce, Zona de policía	Gabia de cableado en Zona de policía (546.090,90; 4.782.009,67) – (545.933,81; 4.782.223,87) e Cruce (545.894,99; 4.782.121,46)	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan un cruzamento do curso fluvial da gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-10 e ME-12. Na Separata de Augas de Galicia non se sinala dita afección.	Execución de gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-10 e ME-12, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.
11	Rego innominado tributario do Río Barcés (122019)	Cruce, Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía entre o punto (545.217,11; 4.781.046,04) e o punto (545.306,87; 4.781.263,31). Cruce de plataforma de montaxe de aeroxerador ME-11 (545.228,64; 4.781.145,62). Aeroxerador ME-11 (545.306,00; 4.781.294,00) e plataforma de montaxe en Zona de policía. Voo de pas do aeroxerador ME-11 en Zona de policía entre o punto (545.315,89; 4.781.225,79) e o punto (545.313,73; 4.781.362,52).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía dos seguintes elementos do aeroxerador ME-11: Plataforma de montaxe temporal, noiros da plataforma do aeroxerador, viario de acceso e gabia de cableado. Tamén se aprecia afección á zona de servidume e cruce do cauce do noiro da plataforma do aeroxerador. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento do viario de acceso ao aeroxerador ME-11.	Execución de viario e gabia de cableado, de acceso ao aeroxerador ME-11, con obras en zona de policía. Plataforma de montaxe de aeroxerador ME-11, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía. Voo das pas do aeroxerador ME-11 en zona de policía. O informe da visita de campo do 26/08/2021 indica: "Cruce del arroyo en una zona alta de su vaguada con plantación de eucaliptos. Utm (etrs 89) x.545228 y.4781145"





Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
12	Rego innominado tributario do Río Barcés (122019)	Zona de policía	Viario e gabia de cableado en Zona de policía (545.556,27; 4.780.868,12) – (545.543,83; 4.780.941,69).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía polo acondicionamento de parte do viario de acceso ao aeroxerador ME-11, execución de novo vial, e gabias de cableado. Na Separata de Augas de Galicia non se sinala dita afección.	Execución e acondicionamento de viario e gabia de cableado, no entorno do aeroxerador ME-11, con obras en zona de policía.
13	Rego innominado tributario do Rego de Porto Pereira (12201904) (Rego innominado tributario do Rego Barcés 122019 segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Cruce, Zona de policía	Gabia de cableado en Zona de policía (545.312,14; 4.780.659,63) – (545.173,26; 4.780.500,85) e Cruce (545.235,14; 4.780.584,70).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía debido ao cruce de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento de curso fluvial de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11.	Execución de gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.





Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
14	Rego innominado tributario do Rego de Porto Pereira12201904 (Rego innominado tributario do Rego das Fontiñas segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Cruce, Zona de policía	Gabia de cableado en Zona de policía (545.052,48; 4.780.375,30) – (544.787,58; 4.780.112,14) e Cruce (545.033,76; 4.780.276,71).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía debido ao cruce de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento de curso fluvial de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11 no rego das Fontiñas.	Execución de gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.
15	Rego innominado tributario do Rego de Porto Pereira12201904 (Rego innominado tributario do Rego das Fontiñas segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Cruce, Zona de policía	Gabia de cableado en Zona de policía (544.796,45; 4.780.125,75) – (544.522,34; 4.780.085,20) e Cruce (544.734,81; 4.780.045,18).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía debido ao cruce de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11. Na Separata de Augas de Galicia sinalan un cruzamento de curso fluvial de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11 no rego das Fontiñas.	Execución de gabia de cableado, entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11, con cruce de curso fluvial e obras en zona de policía.



Nº	Curso fluvial (segundo o visor)	Cruce/Zona de servidume/ Zona de policía (segundo o visor)	Coordenadas UTM ETRS89 Fuso29	Tipo de afección descrita en la Documentación aportada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e nas visitas de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
16	Rego innominado tributario do Rego de Porto Pereira12201904 (Rego innominado tributario do Rego das Fontiñas segundo a rede fluvial actualizada do 2019)	Zona de policía	Gabia de cableado en Zona de policía (544.459,76; 4.779.946,06) – (544.464,22; 4.779.907,62).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan afección á zona de policía debido ao cruce de gabia de cableado entre os aeroxeradores ME-09 e ME-11. Na Separata de Augas de Galicia non se sinala dita afección.	Execución de gabia de cableado, no entorno do aeroxerador ME-09, con obras en zona de policía.
17	Rego innominado, tributario do Río do Portigo de Vilasenín (20403803) segundo a rede fluvial actualizada do 2019	Cruce, Zona de servidume, Zona de policía	Gabia de cableado en Zona de policía (545.091,50; 4.779.084,38) – (545.224,00; 4.779.178,00). Viario en Zona de servidume (545.250,63; 4.779.215,59) – (545.263,99; 4.779.244,73) e Cruce (545.258,80; 4.779.229,73). Plataforma da Torre meteorolóxica TORRE 1 (545.224,00; 4.779.178,00) en zona de Servidume entre o punto (545.236,98; 4.779.173,23) e o punto (545.229,47; 4.779.160,20).	No Estudio de Impacto ambiental, os planos de hidroloxía reflexan o cruce e afección en zona de policía polo viario de acceso á torre meteorolóxica, e a afección en zona de policía debida á plataforma de montaxe da torre. Na Separata de Augas de Galicia sinalan que o viario de acceso á torre meteorolóxica realiza un cruzamento sobre un rego innominado.	Execución de gabia de cableado no entorno da torre meteorolóxica TORRE 1, con obras en zona de policía. Viario de acceso a torre meteorolóxica TORRE 1, con cruce de curso fluvial e obras en zona de servidume e policía. Plataforma da Torre meteorolóxica TORRE 1, con obras en zona de servidume e zona de policía. No informe da visita de campo do 07/09/2021 identifícase na zona un leito en terra con vexetación.



Sinalar que no tócate ás afeccións á zona de servidume dos cursos fluviais descritas anteriormente e co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, deberán situarse os elementos do parque, fora da zona de servidume dos cursos fluviais, e realizarse as actuacións necesarias para non producirse as devanditas afeccións.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha conca de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de aceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflictan as actuacións a realizar e as marxes dos cauces así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos cauces no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Na documentación presentada indícase que, entre os aeroxeradores ME-02 e ME-03, se prevé o acondicionamento dunha superficie destinada a albergar o campamento de obra para as casetas de oficinas, vestiarios, servizos hixiénicos, contedores de ferramentas e utillaxes, descargas e provisión de pequeno material, etc.

Compre indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.



Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras) son as seguintes:

NOM_ZPROT	EUZPROTCOD	Coordenada X (UTM ETRS89 H29)	Coordenada Y (UTM ETRS89 H29)
Morzos	ES014CACH000000288	545.803,74	4.780.495,89

Salientar que parte da subestación do parque eólico se atopa parcialmente dentro da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", dentro da Zona de Transición, recollida nas zonas protexidas a nivel internacional.

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, parte das actuacións do parque eólico atópanse na Zona de Captación de Zona Sensible denominada ESCM1220. A Zona Sensible, encoro de Vilasenín ou San Cosmade, atópase a uns 460 metros ao sur do aeroxerador ME-07 do parque eólico. Os ZEC mais próximos á zona de actuación son o ZEC "Encoro de Abegondo", a uns 8,7 quilómetros ao noroeste do parque e o ZEC "Río Tambre", a uns 8,9 quilómetros ao sur das instalacións.

Por outra banda, non hai ningunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) nas proximidades.

Deberase atender as prescricións feitas no PHGC sobre zonas protexidas, así como aos condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.



A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao



desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberánse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en



conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/> pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e salvo erro ou omisión, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras):

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscripción)	Coord. Y (Datum inscripción)
DH.A15.20066	Particular	547.394	4.780.153
DH.B15.23486	Particular	544.190	4.779.008

Destacar, que no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudio, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...



2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de $T=500$ anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico”.

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das función de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Na documentación presentada indícase que para o edificio de control, o abastecemento de auga se realizará mediante un sistema de potabilización, alimentado por un depósito de auga estanca de 3.250 litros, que se encherá periodicamente mediante camións cisterna. O saneamento de augas residuais realizarase mediante a evacuación das mesmas a unha fosa séptica estanca de 10.000 litros instalada sobre unha soleira de formigón. Non se emitirá ningún tipo de vertedura, e o baleirado da fosa, realizarase de forma periódica mediante camión cisterna. Por esta Entidade, cómpre lembrar que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberá solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.

Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houbese algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstas, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre



estas e os cauces dispórase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata ós leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveles freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras en zona de policía a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de prestamos en zona de policía de leitos.



Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Meirama** e a **Separata de Augas de Galicia do proxecto do Parque Eólico Meirama**, no presente informe emítense, segundo o solicitado, consideracións sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e/ou correctoras e plan de vixilancia ambiental, acreditando que o proxecto podería causar impactos ambientais sobre o medio hídrico non evitables coas medidas propostas polo promotor, destacando pola súa importancia as afeccións á zona de servidume por parte de determinados elementos do parque que non darían cumprimento ao indicado no artigo 7.3 do RDPH.

Aos efectos deste organismo de conca, para dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, e non afectar a zona de servidume dos cursos fluviais, deberase modificar a posición dos aeroxeradores ME-08 e ME-02, así como, realizar as actuacións que sexan necesarias nas plataformas do aeroxerador ME-11 e da torre meteorolóxica.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

A Xefa de Área de Autorizacións e Concesións-María C. Beneyto González-Baylín-(Sinatura Dixital).

O Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico-Roberto Arias Sánchez-(Sinatura Dixital).

